



**NORMATIVA AUTONÓMICA
ESCOLAR
XIMNASIA RÍTMICA
2025**



XENERALIDADES

- Teñen acceso a esta competición todos aqueles ximnastas que non participaran en ningunha competición e modalidade ximnástica de Nivel autonómico prebase, base ou federado nos anos **2023-2024** ou de promoción no ano **2024**.

- **Só haberá competición na modalidade de conxuntos**

- O número de ximnastas mínimo para o conxunto é de catro e o máximo é de oito ximnastas. Isto é, os conxuntos poderán formarse con 4, 5, 6, 7, ou 8 ximnastas e poderán ser mixtos.
- Respecto ao número de exercicios, este límitase a un por categoría e modalidade.

Na Fase Provincial permitirase a participación de tantos conxuntos por club como se quixera, tendo en conta que o pase ao Cpto. Galego dependerá da participación global, é dicir, só poderán pasar como máximo dous conxuntos pertencentes ao mesmo club.

- Haberá competición en dúas fases por provincia. Na 1ª e 2ª Fase obterase unha clasificación e entregaránselle medallas aos 3 primeiros clasificados por categoría. **Para obter a clasificación final provincial sumaranse os puntos da 1ª e 2ª fase, non se entrega premiación. A clasificación en cada unha das fases previas da competición, asignará puntos a cada equipo según número de participantes e en orden inverso por categoría, pex. para 10 participantes:**

1º clasificado	10	6º clasificado	5
2º clasificado	9	7º clasificado	4
3º clasificado	8	8º clasificado	3
4º clasificado	7	9º clasificado	2
5º clasificado	6	10º clasificado	1

En caso de empate, procederase ao desempate obtendo o pase o mellor conxunto clasificado na 2ª Fase.

- O pase o Cpto. Galego Escolar (Final) atenderá a seguinte proporción por categoría e provincia:

1-6 conxuntos: os 3 primeiros clasif. na fase prov. final	12-16 conxuntos: os 7 primeiros clasif. na fase prov. final
7-11 conxuntos: os 5 primeiros clasif. na fase prov. final	17 e mais conxuntos: os 10 primeiros clasif. na fase prov. final

No caso de que nalgunha provincia non se cubra o número mínimo de conxuntos clasificados por categoría (3) entrará, para completala, como máximo o seguinte da provincia que nesa categoría teña mais equipos participantes.

- As adestradoras inscritas deberán posuir alo menos o Nivel I e ter licenza federativa.
- As ximnastas pertencentes os conxuntos clasificados nos 2 primeiros postos do Cpto. Galego Escolar **2025** (fase final) obrigatoriamente deberán competir en **2026** tempada seguinte) no Cpto. Galego de Promoción ou superior, non podendo participar en Escolar no **2026** ningunha das súas integrantes (incluídas as ximnastas reservas). Para que haxa ascenso ten que haber como mínimo 3 conxuntos participantes na categoría.
- **Permítese a utilización de músicas cantadas.**
- Permítese a participación de ata dúas ximnastas dunha categoría inmediatamente inferior nunha superior para formar conxunto. **Exemplo:** ata 2 ximnastas alevíns poderían formar conxunto de categoría infantil.

IDADES DAS XIMNASTAS MODALIDADE CONXUNTO

- **Iniciación: 2018 e 2019**
- **Prebenxamín: 2017 e 2018**
- **Benxamín: 2016 e 2017**
- **Alevín: 2014, 2015 e 2016**
- **Infantil: 2012, 2013 e 2014**
- **Cadete: 2010, 2011 e 2012**
- **Senior: 2010 e anteriores**

ESIXENCIAS TÉCNICAS PARA CATEGORÍAS CON MANS LIBRES

CATEGORIA	DURACION MÚSICAS	APARATO 2025/2026
INICIACIÓN	1,30 a 1,45	M.L.
PREBENXAMIN	1,30 a 1,45	M.L.
BENXAMIN	1,45 a 2,00	M.L.
ALEVIN	1,45 a 2,00	M.L.

ESIXENCIAS TÉCNICAS PARA CATEGORÍAS CON MANS LIBRES

CATEGORIA	DURACION MÚSICAS	APARATO 2025	APARATO 2026
INFANTIL	2,15 a 2,30	CORDAS	PELOTAS
CADETE	2,15 a 2,30	PELOTAS	AROS
SENIOR	2,15 a 2,30	AROS	MAZAS

* DESENROLARASE DITO APARTADO CANDO SE COÑEZA A VERSIÓN DEFINITIVA DO CÓDIGO DE PUNTUACIÓN 2025-2028

Recordatorio: Aplicarase o CÓDIGO FIG respecto aos MAILLOTS e COMUNICACIÓN ADESTRADOR/XIMNASTA.

O xuíz responsable da competición poderá sancionar as medidas incorrectas dos aparellos.

Cando se acredite o plaxio total ou parcial dun exercicio, o xuíz responsable da competición poderá sancionalo.